

DECRETO NÚMERO 16006878 DO 14/09/2016

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **DECLARACIÓN DE URXENCIA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE RELATIVO AO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016.**

Examinado o expediente e vistos:

1º.- Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data 14 de setembro de 2016, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai constar o seguinte:

<<

ANTECEDENTES

- I. Informe proposta da Sección de Cultura do Concello ao que se xuntan bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento para a autorización das instalacións das casetas e caldeiros do polbo durante das festas de San Froilán dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019.
- II. Acordo da Xunta de Goberno Local nº 20/415 de data 22 de xuño de 2016 onde se acordou a delegación das competencias na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán.
- III. Decreto nº 16005619 de data 15 de xullo de 2016, onde se aproban as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización da instalación de no recinto feiral de San Froilán para o período 2016, 2017, 2018 e 2019.
- IV. Decreto nº 16006473 de data 31 de agosto de 2016, de selección dos adxudicatarios das autorizacións para as instalacións de casetas e caldeiros de polbo durante as festas do San Froilán dos anos 2016 a 2019, condicionado á presentación da correspondente documentación.
- V. Proposta da Sección de Cultura do Concello, de data 13 de setembro de 2016, relativa á declaración de urxencia na tramitación do expediente de adxudicación de casetas e caldeiros do polbo durante o San Froilán 2016.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/xmcr

Refª: 1473852717998.doc

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, PREGOS...

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Calquera outra disposición que sexa de aplicación as Entidades Locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O artigo 112 do Real Decreto 3/2011, de 14 novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece:

“1. Podrán ser objeto de tramitación urgente los expedientes correspondientes a los contratos cuya celebración responda a una necesidad inaplazable o cuya adjudicación sea preciso acelerar por razones de interés público.

A tales efectos el expediente deberá contener la declaración de urgencia hecha por el órgano de contratación, debidamente motivada.

2. Los expedientes calificados de urgentes se tramitarán siguiendo el mismo procedimiento que los ordinarios, con las siguientes especialidades:

a) Los expedientes gozarán de preferencia para su despacho por los distintos órganos que intervengan en la tramitación, que dispondrán de un plazo de cinco días para emitir los respectivos informes o cumplimentar los trámites correspondientes.

Cuando la complejidad del expediente o cualquier otra causa igualmente justificada impida cumplir el plazo antes indicado, los órganos que deban evacuar el trámite lo pondrán en conocimiento del órgano de contratación que hubiese declarado la urgencia. En tal caso el plazo quedará prorrogado hasta diez días.

b) Acordada la apertura del procedimiento de adjudicación, los plazos establecidos en esta Ley para la licitación, adjudicación y formalización del contrato se reducirán a la mitad, salvo el plazo de quince días hábiles establecido en el párrafo primero del artículo 156.3 como período de espera antes de la formalización del contrato.”.

Consta no expediente proposta da Sección de Cultura do Concello, de data 13 de setembro de 2016, que a continuación se transcribe, onde se analizan e motivan as razóns de interese público que aconsellan a declaración de urxencia da tramitación do expediente de adxudicación das casetas e caldeiros do polbo durante o San

Froilán 2016 e que, a xuízo do que subscribe, constitúen a debida motivación que debe conter o expediente baseada nas razóns de interese público expostas.

<< PROPOSTA DA SECCIÓN DE CULTURA

Asunto: declaración de urxencia tramitación expte. adxudicación casetas e caldeiros do polbo durante o San Froilán-2016.

O Decreto nº 16005619 de data 15/07/2016 relativo ao procedemento de autorización das casetas e caldeiros do polbo durante as Festas de San Froilán dos anos 2016 a 2019 recolle que a licitación se realizará con arreglo ao establecido nos artigos 80 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais e na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, na actualidade o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

No artigo 112 do TRLCSP establécese que poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes a aqueles contratos nos que sexa preciso acelerar a súa adxudicación por razóns de interese público.

Debido á inquietude suscitada a través dos medios de comunicación no procedemento de adxudicación das casetas e caldeiros de polbo para as festas San Froilán 2016 e para evitar calquer prexuízo ao interese público que puidera chegar a producirse por un posible uso indebido dos prazos ou mecanismos do proceso de licitación, adxudicación e formalización das correspondentes autorizacións e que puidera derivar na demora ou na falta de instalación das casetas e caldeiros que perturbase o normal desenvolvemento das festas patronais, coas negativas consecuencias que isto produciría na veciñanza, estímase conveniente por ditas razóns de interese público a declaración de urxencia da tramitación do expediente, reducíndose así á metade os prazos establecidos e entendendo garantida deste xeiro a instalación de ditas infraestruturas aínda nos supostos máis complexos.>>.

Segunda. En canto ao órgano competente para a declaración de urxencia, será o mesmo que aprobou o procedemento de licitación para a concesión das autorizacións. Neste sentido o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano e sen prexuízo das delegacións que esta confira. Non obstante, este órgano adoptou o acordo número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/xmcr

Refª: 1473852717998.doc

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, PREGOS...

Réxime Local e o acordo deste órgano número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, propónselle á Tenente de Alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar á declaración de urxencia, conforme ao disposto no artigo 112 do TRLCSP, na tramitación do expediente relativo ao procedemento de licitación para a autorización da instalación das casetas e caldeiros do polbo durante as festas de san froilán 2016.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Perfil do Contratante do Concello de Lugo para xeral coñecemento e continuar a tramitación do expediente.>>.

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar á declaración de urxencia, conforme ao disposto no artigo 112 do TRLCSP, na tramitación do expediente relativo ao procedemento de licitación para a autorización da instalación das casetas e caldeiros do polbo durante as festas de san froilán 2016.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Perfil do Contratante do Concello de Lugo para xeral coñecemento e continuar a tramitación do expediente.

Cúmprase.